



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Probas de acreditación das competencias dixitais en ofimática

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Presidencia da Xunta de Galicia: AMTEGA

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	190
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2013
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	PROBA LIBRE	EDICIÓNS:	2

DATA MATRÍCULA: Do 27/07/2013 - 08:00h ao 16/08/2013 - 14:00h

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Convócanse 200 prazas de acceso libre para a acreditación das capacidades, destrezas e coñecementos en ofimática definidos no Plan formativo ofimático de Galicia.

DESTINATARIOS

Poderá participar nas probas convocadas por esta resolución o persoal ao servizo das administracións públicas na Comunidade Autónoma de Galicia que se encontre en situación de servizo activo, incapacidade temporal por maternidade ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar e que reúna os requisitos establecidos na presente convocatoria.

PROGRAMA

O temario para a avaliación será o descrito no módulo formativo MF0233_2. Ofimática (190 horas) do Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2: manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación, do Catálogo nacional de cualificacións profesionais. As capacidades e criterios de avaliación do dito módulo formativo pódense consultar no Real decreto 558/2011, do 20 de abril, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, mediante o establecemento de dúas cualificacións profesionais correspondentes á familia profesional de Administración e Xestión (BOE número 109, do 7 de maio).

O contido das probas abranguerá materia das unidades formativas seguintes:

UF0319. Sistema operativo, busca de información: internet/intranet e correo electrónico.

UF0320. Aplicacións informáticas de tratamento de textos.

UF0321. Aplicacións informáticas de follas de cálculo.

UF0322. Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais.

UF0323. Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información.

Para a realización das probas, cada aspirante poderá optar, no momento da matrícula, pola plataforma Windows 7 ou Ubuntu 10.04, Microsoft Office 2010 ou OpenOffice.org 3.2.1. Probas de acreditación das competencias dixitais en ofimática.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A participación nas probas de avaliación exige que os solicitantes teñan un nivel adecuado de coñecemento da materia en que se van examinar. Con esta finalidade, terán prioridade as persoas que acrediten ter superado ou impartido o módulo formativo MF0233_2. Ofimática ao abeiro do Acordo de formación para o emprego nas administracións públicas (AFEDAP).

A continuación, todas aquelas persoas que teñan superado ou impartido unidades formativas do módulo formativo MF0233_2. Ofimática. Terán preferencia as actividades formativas no marco do AFEDAP.

A seguir, terán preferencia as persoas que acrediten ter superados ou impartidos cursos de ofimática desenvolvidos por outras entidades de formación do persoal ao servizo das administracións públicas.

Os criterios selectivos supletorios que serán empregados son os sinalados con carácter xeral na Resolución da Escola Galega de Administración Pública do 4 de xaneiro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro). Para os efectos do previsto no punto segundo da citada resolución, o baremo que se empregará para a selección establécese sobre unha base de 100 puntos, dos cales o 60 % estará vinculado ao número de horas de formación recibidas nos dous últimos anos e o 40 % restante á antigüidade na Administración.

De haber empate, desfarase de acordo co resultado do sorteo a que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo. Para o ano 2013, segundo a Resolución do 15 de xaneiro (DOG do 22 de xaneiro), comezarase pola letra X.

3. DATOS EDICIÓNS

OFFICE

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 10/09/2013 a 11/09/2013

NUM. PRAZAS: 150

ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Aulas de informática da EGAP. Rúa de Madrid 2-4

OPENOFFICE

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 10/09/2013 a 11/09/2013

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Aulas de informática da EGAP. Rúa de Madrid 2-4